

venres 28 decembro 20:00 h.

# O MERLO BRANCO Talía Teatro



**Autor:** Cándido Pazó  
**Dirección:** Artur Trill  
**Música:** Manolo Vázquez  
**Elenco:** Marta Ríos, Toño Casais, Rosi Barcala, David Creus, Dani Trillo, María Ordóñez, Diego Rey

Papá Merlo e Mamá Merlo teñen un merliño. Que ilusión! Un merliño!. Pero cando o merliño nace...Que desilusión! Que contrariedade! É branco!!! Pero cómo? Todos os merlos son negros! Todos os merlos son negros! Todos! O merliño ao verse recesitado polos seus pais decide irse de casa. É aquí cando comeza a aventura do noso merliño na busca de paxaros aos que asemellarse, porque se non é un merlo que é?

sábado 29 decembro 20:00 h.


# SEN TÍTULO 4x8x6 (técnica mixta sobre o escenario)

## Os Monicreques de Kukas

**Autor:** Marcelino de Santiago  
**Dirección:** Isabel Rey e Kukas  
**Elenco:** Marcelino de Santiago, Helena Fernández, Alba Fernández, Alberte Viveiro, Isabel Rey, Miguel Cabaleiro, Xosé Manuel Botana



Espectáculo de gran formato dirixido a tódolos públicos co que queremos transmitir e amosar a maxia da creación artística conxugando as marionetas, a acción de pintar en directo, a informática, o vídeo, a poesía, e a música dun xeito sutil, sinxelo e divertido. De xeito imaxinativo e poético pretendemos que os rapaces se acheguen a ese momento máxico no que o artista se enfrenta ó papel en branco, o lenzo baleiro, ese momento no que as ideas xorden, as veces buscadas, as veces de súpeto, e que se mesturan, teñen e van, aparecen e desaparecen, e van conformando unha obra de Arte.



xov. 6, ven. 7,  
sáb. 8 e dom. 9  
[17 - 20 e 22:30]  
luns 10  
[20 e 22:30]



sab.15 e dom.16  
[17 - 20 e 22:30]  
luns 17  
[20 e 22:30]



dom. 23,  
luns. 24 e mar. 25  
[17]  
Versión en galego



ven.21,  
dom. 23, e mar. 25  
[20 e 22:30]  
sáb. 22 [22:30]

dom. 30, luns. 31,  
mar. 1, mér. 2  
e xov. 3  
[17]

dom. 30,  
mar.1, mér. 2  
e xov. 3  
[20 e 22:30]  
luns. 31 [19:00]

## CINECLUB GROUCHOMARK

xoves 13 dec.  
[20:30 e 22:30]

xoves 20  
[20:30 e 22:30]

## CINE



# O BARCO CULTURAL decembro 07



[www.concellodobarco.org](http://www.concellodobarco.org)



domingo 2 decembro 20:00 h.


## DE MEU Bstudio Danza

*Dirección artística e coreografía:*

Dolores Mayán

*Bailarinas:* Emilia Pardo, Natalia Iglesias, Vanesa Otero e Celia Mayer

*Organizado pola Concellería de Igualdade e Servizos Sociais co gallo do Día pola erradicación da violencia contra as mulleres.*



En **De Meu** catro bailarinas critican co seu baile no escenario, e tamén cos obxectos que as acompañan na súa danza, os símbolos de opresión da muller ao longo de todos os tempos: os zapatos de tacón, os veos de noiva, os burkas ou os traxes axustados. Pero non só os obxectos son os opresores do corpo e da mente da muller, hai moitos máis factores a ter en conta: a escola, a familia, a publicidade, a industria da moda...

mércoles 5 decembro 21:00 h.

## ANTOLOGÍA DE LA ZARZUELA Coral Solera Berciana



A **Coral Solera Berciana**, a máis veterana da veciña comarca, fundada fai 35 anos, achégase por segunda vez na súa historia á zarzuela cunha proposta ambiciosa: unha antoloxía escenificada, con música en directo da Orquesta da Escola de Música *Ciudad de Ponferrada*, dalgunhas das pasaxes corais máis atractivas do xénero *chico*. Momentos da *Corte del Faraón*, que a coral puxo en escena completa anos atrás, *Gigantes y Cabezudos*, *Aguaa*, *azucarillos o aguardiente*, *La verbena de la Paloma*, *La Gran Vía*, *El barberillo de Lavapiés*, *Doña Francisquita* ou *Luisa Fernanda*, permitirán ao público gozar de inesquecibles pasaxes composto por autores como Chueca, Amadeo Vives ou Moreno Torroba.

venres 14 decembro 21:00 h.

## FINAL DE PELÍCULA Ancora Produccións

**Autor:** Gustavo Pernas Cora(\*)

**Director:** Gustavo Pernas Cora

**Elenco:** Ánxela G. Abalo, Vicente de Souza, Fernando Morán, Xavier Deive, Estivaliz Veiga, Marcos Pereiro.

**Público:** Maiores de 14 anos

(\*) premio Max 2007 mellor autor teatral en galego por *Final de película*



En *Final de película* asistimos, a través de seis personaxes, a relacións humanas construídas sobre a base do odio, manifestado en forma de sexismo, xenofobia, racismo e fanatismos diversos que sementan no comezo para agromar e estoupar no clímax. Pechamos aos personaxes nun minicine para ver como reaccionan diante dunha película na que se identifican con algún dos seus protagonistas, e queremos que, sentados fronte ao público real, no teatro, provoquen outras tantas reaccións no espectador.

Mércoles 26 decembro 20:00 h.

## NADAL MÁXICO 2007

Mago Cali, Mago Norberto, Luís García,  
Mago Richard, Mago Pablo



# Teatro para toda a familia

hoves 27 decembro 20:00 h.

## CRISTOVO E O LIBRO DAS MARABILLAS

Sarabela Teatro

**Idea orixinal e dirección:** Fina Calleja

**Elenco:** Fernando Dacosta, Tito Asorey, Sabela Gago, Elena Seijo, Fina Calleja. Manipuladores: José Bayón, Rubén Dobaños

Sabemos da admiración que Cristóbal Colón sentía por Marco Polo. Coñecemos que O libro das marabillas do mercader veneciano acompañou ao navegante na súa viaxe coa intención de chegar por outra ruta a aquelas "indias" descritas douscentos anos antes. Recollemos esta fascinación para amosar en *Cristovo e o libro das marabillas* a un Colón neno ao que o mundo se lle queda pequeno e aborrece a escola. *Cristovo* quere viaxar e cre que a coraxe e a forza son a súa mellor carta de presentación. É inxenuo pensar que ninguén vai aproveitar tan boas intencións. *Sofía e O libro das marabillas* descubriránlle que a máis grande aventura está no coñecemento. Como se non un neno de doce anos pode coñecer Constantinopla, Samarkanda, as estepas tártaras ou a escintilante corte de Kublai Kan?

A maxia vive en Galicia un momento excelente, numerosos artistas conquistan ao público con espectáculos cada vez máis complexos e coidados. A Asociación de Magos Profesionais de Galicia pon en marcha este 2º Circuito Galego da Maxia-Nadal Máxico, co patrocinio da Consellería de Cultura e Deporte, no que cinco magos presentarán os seus números máis iimportantes, sorprendentes e divertidos no escenario do Teatro Lauro Olmo. Unha velada que fará disfrutar ao público de todas as idades.